



# [CEIP Mestre Manuel García]

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

DATOS DO CENTRO	
<b>CEIP MESTRE MANUEL GARCÍA</b>	
<b>CÓDIGO</b>	36006067
<b>LOCALIDADE</b>	Camiño do Fial, 23 - 36794 - Oia
<b>CONCELLO</b>	Oia
<b>PROVINCIA</b>	Pontevedra
<b>TELÉFONO</b>	886 110 488 – 682 742 501
<b>CORREO</b>	ceip.mestre.manuel.garcia@edu.xunta.gal
<b>WEB</b>	<a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmestremmanuelgarcia/">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmestremmanuelgarcia/</a>

### DATOS DO ALUMNADO

NIVEL	ALUMNOS
4º E.I.	11
5º E.I.	11
6º E.I.	16
<b>TOTAL CICLO</b>	<b>38</b>
1º E.P.	19
2º E.P.	15
3º E.P.	18
4º E.P.	21
5º E.P.	9
6º E.P.	19
<b>TOTAL ETAPA</b>	<b>101</b>
<b>TOTAL</b>	<b>139</b>

### DATOS DO PROFESORADO

DOCENTES	FUNCIONES - OBSERVACIONES					
	EP	T. 6ºEP	<i>Direc.</i>	Cóvid-19	<i>Comed.</i>	<i>EDIXGAL-PFPP</i>
Sofía González Cordero	EP	T. 6ºEP	<i>Direc.</i>	Cóvid-19	<i>Comed.</i>	<i>EDIXGAL-PFPP</i>
Álvaro Gómez Fernández	EP	<i>Biblio</i>	<i>X. E.</i>	Cóvid-19	EDIXGAL	
Ana B. Álvarez González	EI	T. 4 anos	<i>Secret.</i>	<i>Comed.</i>		
Ana B. Garcés Domínguez	EI	T. 4 anos	Cor. Inf			
Lorena Fernández Pazos	EI	T. 5 anos				
Soraya García Oroña	EI					Itinerante

Laura Prado González	EP	T. 1º EP	ACE			
Nuria Fernández Balo	EP	T. 2º EP	Mús	EDLG	Proxecta+	EDIXGAL
Natalia Vizcaíno Lence	EP	T. 3º EP				
Paula Martínez González	EP	T. 4º EP	Proxecta+			
Hortensia Peralba Penedo	EP	T 5º EP	Proxecta+	EDIXGAL		
Francisco Rodríguez Sobrino	EF	Tics	Radio	Proxecta+	EDIXGAL	
Carmen López Calvo	ING	EDIXGAL				
Raquel Baldonado López	PT	Cóvid-19	Proxecta+			
Cristina Pérez Ventayol	AL	Voz N.				Itinerante
Iván Fernández Alfonso	Ori.					Itinerante
Alicia González Hermida	Reli.	EDIXGAL				Itinerante

## 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

### CARACTERÍSTICAS SOCIOECONÓMICAS E CULTURAS DO CONTEXTO DO CENTRO

O centro está situado no noroeste de Galicia, no municipio de Oia, provincia de Pontevedra.

O núcleo urbano atópase moi diseminado o que repercute na forma de vida das familias (problemas de transporte, conectividade a internet, actividades sociais, deportivas, etc). Este municipio ten seis parroquias: Mougás, Pedornes, Oia, Viladesuso, Burgueira e Torroña. No noso centro escolarízanse os/as nenos/as das parroquias de: Mougás, Viladesuso, Oia e Pedornes. Tamén asisten ao noso centro os/as nenos/as da parroquia de San Xián, que pertence ao concello de O Rosal.

A economía da zona está baseada no sector servizos, orientado , ó turismo. No sector primario destacar a agricultura e a gandaría de autoconsumo e, de pequena axuda económica para as familias: pesca de baixura, marisqueo, explotación forestal e a industria de carácter disperso e familiar ou con poucos empregados/as. Unha parte da poboación traballa en distintos sectores en Vigo. O nivel socioeconómico das familias é medio-baixo. A súa formación a nivel dixital é básica e a presenza de dispositivos electrónicos e tecnoloxías nos fogares é medio-baixa.

O noso centro está lonxe de grandes núcleos de poboación (Baiona a 16 km e A Guarda a 12 km), por iso a vida dos/as nenos/as transcorre de forma bastante tranquila

pero coas lóxicas carencias de non dispoñer de centros de interese como cines, teatros, piscinas, pavillón deportivo, tendas, etc.

A implicación das familias na actividade do centro é media, e a súa asistencia actividades formativas no centro é baixa. A ANPA do centro colabora organizando e posibilitando a participación dos/as nenos/as en actividades deportivas e culturais.

Por outro lado, contamos coa colaboración do concello (arranxos, limpeza...) favorecendo o funcionamento do noso centro.

Para rematar, comentar a gran importancia que ten no noso centro o comedor escolar.

## PLAN DIXITAL, PXA, PEC E OUTROS PLANS

PLANS E PROGRAMAS	Relación Plan Dixital	RESPONSABLES
NOF	Incluír aspectos relacionados coas TICs (Obxectivo 3)	Eq. directivo
Plan de Convivencia	Uso das TICs como ferramenta de comunicación de incidencias. (Obxectivo 3)	Eq. Convivencia DO
Plan TICs de Centro	Revisar e actualizar. Integración do Plan dixital. (Obxectivo 1)	Eq. Directivo Eq. TIC
Plan de At. á Diversidade	Revisar e actualizar.	DO
Plan de Igualdade	Revisar	DO
Plan de Acción Titorial	Revisar e actualizar. TICs como instrumento de comunicación coas familias e de centro. (Obxectivo 3)	CCP/DO
Regulamento de Comedor	Revisar e actualizar	Eq. Comedor
Plan Anual de lectura	Revisar e Actualizar. Tratamento da información. (Obxectivo 1)	Eq. Biblioteca
Plan Lingüístico	Incluír uso plataforma ELBE.2 (Obxectivo 2)	
Plan específico de reforzo e	Revisar	Eq. EDNL
	Revisar e Actualizar	Eq. directivo / DO

recuperación. Plan de Comunicación. Plan dixital. Plan de Autoprotección Plan Alerta Escolar Plans Adaptación COVID	Posta en marcha. Teléfono, Web, Aula Virtual, AbalarMóvil... (Obxectivo 3) Avaliación trimestral e final.  Revisar  Revisar  Actualización plan de continxencia. Uso da Aula Virtual e teleformación en caso de corentenas. (Obxectivo 3)	Eq. directivo  Eq. directivo + Equipo Tics Eq. directivo  Eq. directivo Eq. COVID
CP Innova, CP Inclúe Plan Proxecta+.	Potenciación da innovación e xestión pedagóxica a través das TICs (Obxectivo 2, 3)	Claustro
EDIXGAL	Xestión e desenvolvemento. (Obxectivo 1,2,3).	Eq. TICs Mestres 5º-6º EP

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

A realización do Plan Dixital de centro nace da necesidade de establecer unhas liñas de actuación claras e programadas sobre a estratexia dixital que o centro educativo debe seguir a curto, medio e longo prazo.

Tal e como se expresa no art. 121 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación "O proxecto educativo do centro recollerá os valores, os obxectivos e as prioridades de actuación..." . No seu art. 132 c) indica tamén que son competencias da dirección do centro "exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos obxectivos do proxecto educativo do centro".

Asemade na Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación establece que "O proxecto educativo do centro recollerá, así mesmo, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis.5.". Nel indícase que se promoverá o uso das TICS e das comunicacións na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensinanza e aprendizaxe.

Pola súa banda na Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022 expresa que "Os centros docentes elaborarán no curso 2021/22 o seu plan dixital de acordo coas instrucións que se diten."

Segundo se establece na resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022 "En liña coas orientacións establecidas no Plan de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea e no marco do Plan de Acción de Educación Dixital (2021-2027), a Consellería de Cultura, Educación e Universidade (en diante, a consellería) persegue a transformación dixital dos centros educativos de Galicia como organizacións a fin de que sexan dixitalmente competentes nos procesos de ensino-aprendizaxe, de xestión e de relación o que require de un proceso de mellora das competencias dos membros da comunidade educativa que se deberá recoller nun Plan Dixital do Centro como organización.

Entre os obxectivos deste plan figuran:

- a) Facilitar a integración e o desenvolvemento das tecnoloxías dixitais nos procesos formativos que optimice a xestión dos recursos humanos e materiais do centro.
- b) Promover o uso das ferramentas de avaliación e diagnose dos centros educativos respecto á competencia dixital.
- c) Mellorar a competencia dixital dos membros da comunidade educativa . para transformar os centros en organizacións educativas dixitalmente competentes nos procesos de ensino-aprendizaxe, de xestión e de relación.

#### 1.4. Proceso de elaboración

A elaboración deste Plan Dixital correu a cargo do equipo de plan dixital integrado polo equipo directivo. A elaboración do mesmo seguiu as seguintes fases:

##### a) Realizar a análise da situación do centro que inclúe:

- Informe SELFIE para a diagnose da situación en relación á competencia dixital do centro.
- Test de Competencia Dixital Docente (Test CDD) que permitiu obter un Informe Individual coa valoración global do nivel competencial (A1-C2) da competencia dixital docente.

##### b) Realizar a diagnose do centro:

- **Modelo DAFO:** a partir do Informe SELFIE, o equipo do Plan Dixital elaborou un informe sobre Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades (DAFO) para a análise da situación e a definición das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e actuacións.
- Análise do **informe Individual do test CDD** co fin de recoller información sobre as competencias profesionais docentes relacionadas co ámbito dixital. Así mesmo, o **informe de centro** permitiu planificar a liña de formación a través dos PFPF.

**c) Redacción do Plan Dixital organizando toda a información recollida.**

**d) Presentación ao Claustro de profesores.**

**e) Aprobación no Consello Escolar.**

## 1.5. 2. Situación de partida

Entre as principais infraestruturas tecnolóxicas coas que conta o centro son:

A Biblioteca está dotada de cinco ordenadores, catro de consulta e un de xestión e unha pantalla de televisión na entrada conectada a un dos equipos. Contamos tamén con 6 dispositivos táblets. Proxector portátil e equipamento lumínico básico. Program MEIGA de xestión e Plaraforma ELBE.2 para alumnado e profesorado.

A dotación nas aulas é a seguinte:

3 Anos. Portátil + canón + son.

4 Anos. Ordenador + canón + PDI + son.

5 Anos. Ordenador + canón + PDI + son.

1º e 2º E. P. Ordenador + canón + PDI.

3º E. P. E. P. Ordenador + canón + PDI.

4º E. P. Ordenador + canón + PDI. Dotación Abalar.

5º E.P. Dotación E-DIXGAL. (Incluídos portátiles para o profesorado).

6º E. P. Dotación E-DIXGAL. (Incluídos portátiles para o profesorado).

Informática con doce ordenadores + canón E-BEAM + altofalantes.

Aula de PT e AL. Ordenador + tableta + son e impresora.

Aula STEM-matemáticas: ordenador + canón.

Música. Portátil + tres equipos de son + reprodutor dvd.

Inglés. Portátil + PDI + canón + amplificadores + ordenador de sobremesa.

Ximnasio. Equipo de son, portátil, proxector móbil e conexión a internet.

Radio Arrabal: Mesa de son, micrófonos e auriculares, 2 ordenadores portátil e un ordenador de sobremesa conectado a pantalla TV. Equipo de son de timbre.

Rede de altofalantes de centro.

Sala de profesores. Tres ordenadores + dúas fotocopiadoras.

Dirección. Tres ordenadores + fotocopiadora.

Orientación. Dous portátiles + impresora.



Salón de actos: Pantalla robotizada, equipo de son (mesa de mesturas e dous altofalantes). Equipo de son portátil (Altofalante)

Outras infraestruturas:

-Conexión por cableado na maior parte do centro.

-Renovación recente da rede wifi do centro.

-Equipos de apoio para o sectores da comunidade escolar en risco de exclusión por desconexión ou falta de equipamento.

-O centro conta con servizos externos dixitais non corporativos como: YouTube, Gmail, Googledrive e Instagram onde se almacenan imaxes, vídeos e contidos dixitais que polas súas características ou dificultade non poden ser aloxados nos servizos corporativos.

A xestión e mantemento do equipamento e infraestructura dixital corre a cargo de forma principal a través do Equipo Tics en colaboración cunha empresa externa para a solución e reparación de incidencias e co apoio do equipo directivo.

Tamén se conta co soporte da UAC e a UAC-Premium (E-DIXGAL) para resolver incidencias a nivel tecnolóxico e dixital tanto para o centro como ás familias no segundo caso.

## SERVIZOS DIXITAIS EDUCATIVOS

### a) PÁXINA WEB

-O responsable de establecer as **directrices xerais de organización e publicación** será a **persoa directora do centro**, posto que será o responsable último do que apareza publicado nela.

-O responsable da súa actualización, **mantemento e xestión diaria** será o **coordinador/a do equipo TIC**.

-Uso do servizo de Galería para o almacenamento de fotografías.

Enlace ao Plan de Comunicación de centro onde se detallan estes aspectos:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmestremmanuelgarcia/node/1116>

### b) ABALARMÓBIL

Será a ferramenta preferente de comunicación directa coas familias, útil para avisos xerais de centro e comunicacións de aula.

Os responsables do uso desta ferramenta cando afecte a un grupo ou alumno serán **serán os tiores e mestres especialistas.**

No caso de ser empregado para facer unha **comunicación de centro** para todos os responsables do alumnado, como pode ser o caso de avisos xerais ou alertas, os responsables de realizar a comunicación serán os membros do **equipo directivo.**

### c) E-DIXGAL

Empregaranse os servizos que ofrece a plataforma EVA EDIXGAL (Libros de texto, actividades dixitais, feramentas, comunicacións...) por parte daquel profesorado que teña docencia nos grupos de 5º e 6º de EP. O equipo Tics apoia a posta en marcha dos equipos e credenciais para o seu acceso.

### d) AULA VIRTUAL

A aula virtual do centro estará operativa para ofrecer servizo telemático en caso de confinamento derivado de causas xustificadas a partir de 3º de EP. Fora desta casuística será de uso opcional por parte do profesorado. O mantemento, creación de cursos e reparto de credenciais corresponderá ao equipo TICs, así como o asesoramento e dinamización da mesma.

Enlace aos plans de continxencia para o uso da Aula Virtual: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmestremanuelgarcia/node/1082>

## 1.6. 2.1. Fontes empregadas para a análise DAFO

### AUTOAVALIACIÓN SEFIE

A continuación amósase o resumo das 8 áreas do informe SELFIE coa media de respostas por cada grupo (equipo, profesorado e alumnado) sendo 1 a menor puntuación e onde se amosan máis dificultates, e 5 a de maior onde se reflicte máis fortaleza. A participación da comunidade escolar foi: do 100% do equipo directivo, un 70 % do profesorado e un 93% do alumnado.

Areas	Grupos	ETAPA
		Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	3,3
	Profesorado	3,4
	Alumnado	-
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3
	Profesorado	3,2
	Alumnado	2
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,7
	Profesorado	3,7
	Alumnado	4
D- Desenvolvemento	Equipo Direct.	4,4

<b>profesional continuo</b>	Profesorado	3,8
	Alumnado	-
<b>E- Pedagogía: Apoyo e Recursos</b>	Equipo Direct.	3,7
	Profesorado	3,7
<b>F- Pedagogía: Implementación na aula</b>	Alumnado	-
	Equipo Direct.	3,4
	Profesorado	3,3
<b>G- Prácticas de avaliación</b>	Alumnado	3,6
	Equipo Direct.	2,6
	Profesorado	2,9
<b>H- Competencias dixitais do alumnado</b>	Alumnado	-
	Equipo Direct.	3
	Profesorado	3,4
	Alumnado	3,4

## TEST DE COMPETENCIA DIXITAL

*Participación segundo perfil do profesorado*

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	11	14	78,6 %
<b>PROVISIONAL</b>	1	1	100 %
<b>INTERINO</b>	2	2	100 %
<b>SUBSTITUTO</b>	3	4	75 %
<b>DESPRAZADO</b>	-	-	-

*Puntuación e nivel de competencia do centro*

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
77,8	Integradora (B1)	76,5	Integradora (B1)

*Puntuación e nivel de competencia por etapas*

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>INF.</b>	71,2	Integradora (B1)	68,2	Integradora (B1)
<b>PRI.</b>	79,5	Integradora (B1)	77	Integradora (B1)

*Distribución do profesorado por niveis*

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<b>A1</b>	-	-
<b>Explorador/a A2</b>	5	29,4 %
<b>Integrador/a B1</b>	8	47,1 %
<b>Experto B2</b>	4	23,5 %
<b>C1</b>	-	-
<b>C2</b>	-	-
<b>TOTAL</b>	17	100,00%

## 1.7. 2.2 Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Dispositivos dixitais para a ensinanza.</li> <li>2. Asistencia técnica externa de equipos.</li> <li>3. Inversión en equipamentos e infraestruturas.</li> <li>4. Espazos suficientes.</li> <li>5. Inversión en mobiliario.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Mala situación das caixas de conexións e puntos de internet.</li> <li>2. Aproveitamento e organización de espazos.</li> <li>3. Falta de cobertura wifi nalgunhas zonas do centro.</li> <li>4. Velocidade de conexión insuficiente.</li> <li>5. Xestión das incidencias de forma máis organizada.</li> </ol>
	PERSOAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Participación no DPC.</li> <li>2. Uso de recursos educativos en liña.</li> <li>3. Fomento da creatividade.</li> <li>4. Apoio e complemento dos elementos dixitais na aula.</li> <li>5. Acceso ao uso da tecnoloxía nas aulas.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Intercambio de experiencias.</li> <li>2. Emprego de entornos virtuais de aprendizaxe de forma coordinada.</li> <li>3. Desenvolvemento de proxectos interdisciplinares</li> <li>4. Comentarios a outros alumno/as sobre o seu traballo.</li> <li>5. Profesores con competencias dixitais con necesidade de actualización.</li> </ol>
	PERSOAL NON DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Amosan compromiso e colaboración.</li> <li>2. Coidado das infraestruturas e do equipamento.</li> <li>3. Apoio e axuda cando se precisan.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Debate sobre o uso da tecnoloxía.</li> <li>2. Falta de tempo para unha maior implicación no centro.</li> <li>3. Escaseza de persoal non docente.</li> <li>4. A non existencia de conserxe.</li> <li>5. A non existencia de administrativo/a.</li> </ol>
	ALUMNADO	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Habilidades dixitais para diferentes materias.</li> <li>2. Uso sinxelo da aula virtual/Edixgal</li> <li>3. Motivación polos entornos dixitais.</li> <li>4. Tempo para o uso das tecnoloxías.</li> <li>5. Axuda para o desenvolvemento de actividades académicas.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Verificar a calidade da información</li> <li>2. Uso e tratamento da información.</li> <li>3. Descoñecemento dos ricos e normas de internet.</li> <li>4. Distracción no uso das tecnoloxías.</li> <li>5. Problemas puntuais a nivel de convivencia no entorno dixital.</li> </ol>
	FAMILIAS	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Recepción de información a través de abalarMóbil.</li> <li>2. Centro con pouco alumnado e con coñecemento individualizado e próximo ás familias.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Competencia dixital mellorable.</li> <li>2. Organización no seguimento da actividade académica por medios dixitais: pouca consulta da páxina web.</li> <li>3. Canalización da información polas vías axeitadas.</li> <li>4. Descoñecemento da lexislación en materia de protección de datos.</li> <li>5. Asistencia ás incidencias técnicas e tecnolóxicas dos seus nenos/as.</li> </ol>
	OFERTA	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Novas modalidades de ensinanza.</li> <li>2. Actividades formativas do centro a nivel informacional e dixital.</li> <li>3. Recursos cos que conta o centro.</li> <li>4. Desenvolvemento de programas e proxectos vinculados coa tecnoloxía.</li> <li>5. Boas estratexias comunicativas de centro.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Uso coordinado da aula virtual e aplicación Edixgal.</li> <li>2. Aproveitamento da aula de informática.</li> <li>3. Programa progresivo de desenvolvemento tecnolóxico ao longo da educación primaria.</li> <li>4. Distribución dos recursos nas distintas aulas.</li> <li>5. Aproveitamento dos recursos.</li> </ol>
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Avaliación do progreso.</li> <li>2. Documentación da aprendizaxe.</li> <li>3. Difusión de información e seguimento da actividade académica mediante servizos dixitais.</li> <li>4. Información na web do centro.</li> <li>5. Formación e colaboración entre compañeiros.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Debate sobre o uso da tecnoloxía.</li> <li>2. Competencias dixitais mellorables a nivel de centro.</li> <li>3. Programas de desenvolvemento profesional adaptado as etapas do centro.</li> <li>4. Estratexia e organización dixital mellorable.</li> <li>5. Definir obxectivos e actuacións a nivel dixital na EP.</li> </ol>

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Dispositivos dixitais para a ensinanza.</li> <li>2. Formación de competencias dixitais.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Tempo para explorar a ensinanza dixital</li> <li>2. Ausencia de apoio no centro para incidencias dixitais. Fata de profesorado.</li> <li>3. Ausencia de persoal administrativo que xestione datos e rexistros dixitais</li> <li>4. Conexión a internet pouco fiable ou lenta.</li> <li>5. Tempo de resposta na solución de incidencias técnicas que deben ser resoltas no propio centro.</li> </ol>
	LEXISLACIÓN	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Simplificación da lexislación e documentos burocráticos dentro do marco da propia autonomía do centro.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Lexislación sobre adquisición de equipamento informático.</li> <li>2. Exceso de burocratización dos trámites educativos e dixitais.</li> <li>3. Ausencia de modelos e guías reducidas que faciliten o</li> </ol>

		traballo. 4. Resumo legislativo visual e agrupado en materia dixital. 5. Volume excesivo de aplicacións educativas desligadas e non centralizadas nunha soa ferramenta.
<b>CONTORNA</b>	1. Instalacións e arquitectura do centro. 2. Acceso a dispositivos fóra do centro. 3. Colaboración do concello.	1.Verificar a calidade da información. 2. Contrastar a veracidade da información. 3. Conexión a internet pouco fiable ou lenta. 4. Descoñecemento dos mecanismos e órganos internos de funcionamento dun centro. 5. Pouca colaboración cos centros da contorna.
<b>ANPA</b>	1. Implicación da ANPA correcta.	1. Mellorar o coñecemento do funcionamento interno dun centro educativo. 2. Mellorar o coñecemento dos mecanismos de participación. 3. Mellorar o coñecemento da normativa en material dixital.
<b>OUTRAS ENTIDADES</b>	1. Boa colaboración das entidades do contorno.	1. Tempo para a xestión e organización das súas colaboracións. 2. Oferta masiva de actividades difíciles de filtrar e incluír nas programacións.

## 2.3. Plan de Acción

### 2.1. 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Pasos seguidos para a elaboración do Plan de Acción:



### ÁREAS PRIORITARIAS

- H- Competencias dixitais do alumnado
- B- Colaboración e redes.

### OBXECTIVOS

- Fixar unha liña progresiva e lonxitudinal de acción no uso das TICS na EP.
- Usar a plataforma ELBE.2 para o préstamo de libros en formato dixital.
- Potenciar e canalizar a comunicación coas familias a través da páxina web do centro.

### INDICADORES DE LOGRO

- Actividades realizadas do itinerario de tarefas TICS da Educación Primaria. (Instrumento: listaxe de cotexo).
- Nº de préstamos realizados mediante a plataforma ELBE.2 en cada aula. (Instrumento: listaxe de cotexo).
- Nº de accións desenvolvidas na páxina web presentes no plan de comunicación do centro. (Instrumento: listaxe de cotexo).

**Estes aspectos xunto coas accións a desenvolver aparecen recollidos e detallados nas táboas de obxectivos do Plan de Acción que se amosan a continuación:**

### Táboa 1: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

"Área/s de mellora": H – Competencias dixitais do alumnado.						
<b>1. OBTXECTIVO (1):</b>	FIXAR UNHA LIÑA PROGRESIVA E LONXITUDINAL DE ACCIÓN NO USO DAS TICS NA EDUCACIÓN PRIMARIA				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	EQUIPO DIRECTIVO E EQUIPO TICS				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBTXECTIVO (2)</b>	Actividades realizadas do itinerario de tarefas TICS da Educación Primaria. (listaxe de cotexo)					
<b>Valor de partida (3)</b>	0 actividades realizadas do itinerario					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Cada curso aplicou polo menos 4 accións presentes no itinerario.			3ºT		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Realización dun inventario de recursos TICS do centro.	EQUIPO TICS	PRIMEIRA SEMANA DE SETEMBRO	Ordenador.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Previsión nos horarios e apoios para o desenvolvemento do itinerario TIC.	XEFE DE ESTUDOS	PRIMEIRA SEMANA DE SETEMBRO	Horarios Persoal dispoñible		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Axuste e redistribución de recursos TICs no centro/ aulas.	EQUIPO DIRECTIVO / EQUIPO TICS	SETEMBRO	Reunión do persoal implicado.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: Elaboración do itinerario TICS de EP.	EQUIPO DIRECTIVO / EQUIPO TICS	OUTUBRO	Ordenador Reunión do persoal implicado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

A01.5: Presentación do itinerario TICs ao profesorado de EP.	EQUIPO DIRECTIVO / EQUIPO TICS	NOVEMBRO	Proxector Sala de reunións	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
A01.6: Aplicación do itinerario TICS no curso 22-23 nas aulas de primaria	MESTRES/AS PRIMARIA	XUÑO	Os especificados no itinerario TICS	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
A01.7: Avaliación da aplicación do itinerario TICS.	EQUIPO DIRECTIVO / EQUIPO TICS	ÚLTIMA SEMANA XUÑO	Proxector Sala de reunións Memorias fianais	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	

Táboa 2: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

"Área/s de mellora": H – Competencias dixitais do alumnado.			
2. <b>OBXECTIVO (1):</b>	USAR A PLATAFORMA ELBE.2 PARA O PRÉSTAMO DE LIBROS EN FORMATO DIXITAL		Acadado
<b>RESPONSABLE:</b>	EQUIPO DIRECTIVO E EQUIPO DE BIBLIOTECA		Non acadado
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Nº de préstamos realizados mediante a plataforma ELBE.2 en cada aula. (listaxe de cotexo)		
<b>Valor de partida (3)</b>	0% de prestamos realizados a través da plataforma ELBE.2 en cada aula.		
<b>Valor previsto e data (4)</b>	0	70 % do alumnado de 4º de EP e o 100 % do alumnado de 5º e 6º realizou algún	3ºT



préstamo de libros mediante a plataforma.					
ACCIÓN A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
A02.1: Elaboración dun programa de uso da plataforma ELBE.2	EQUIPO BIBLIOTECA/ EQUIPO DIRECTIVO	COMEZOS DE NOVENBRO	Ordenador.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
A02.2: Presentación do programa aos titores de primaria.	COORDINADOR BIBLIOTECA	COMEZOS DE NOVENBRO	Sala reunións.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
A02.3: Impartición da formación sobre o uso da plataforma ao alumnado de 5º e 6º EP (Reparto das claves de acceso e normas).	EQUIPO BIBLIOTECA	FINAIS DE NOVENBRO	Ordenadores EDIXGAL		Realizada
					Aprazada
					Pendente
A02.4: Préstamo de libros de Nadal 5º-6º EP	EQUIPO DE BIBLIOTECA / TITORES	DECEMBRO	Ordenadores EDIXGAL		Realizada
					Aprazada
					Pendente
A02.5: Posta en marcha do mecanismo de préstamo en 4º EP (posibilidade doutros cursos de EP)	EQUIPO DIRECTIVO / TITORES	XANEIRO- FEBREIRO	Ordenadores ABALAR / Lectores electrónicos		Realizada
					Aprazada
					Pendente
A02.6: Avaliación dos préstamos na plataforma.	EQUIPO DIRECTIVO/ EQUIPO DE BIBLIOTECA	FINAIS MAIO	Memoria biblioteca PLAMBE		Realizada
					Aprazada

						Pendente
--	--	--	--	--	--	----------

(H12. Habilidades dixitais para diferentes materias)

Táboa 3: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

"Área/s de mellora": B- Colaboración e redes.						
<b>3. OBXECTIVO (1):</b>	POTENCIAR E CANALIZAR A COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS A TRAVÉS DA PÁXINA WEB DO CENTRO.				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	EQUIPO DIRECTIVO E EQUIPO TICS				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Nº de accións desenvolvidas na páxina web presentes no plan de comunicación do centro. (listaxe de cotexo)					
<b>Valor de partida (3)</b>	Plan de comunicación de centro elaborado.					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Desenvolvemento do 70% das accións presentes no apartado web do plan de comunicación.			3ºT		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: Actualización do plan de comunicación do centro.	EQUIPO DIRECTIVO	SETEMBRO	Ordenador.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

<b>A03.2: Presentación do plan de comunicación ao profesorado e familias.</b>	EQUIPO DIRECTIVO	SETEMBRO	Sala reunións. Proxector.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A03.3: Actualización e organización da interface e seccións da páxina web.</b>	EQUIPO DIRECTIVO / EQUIPO TICS	OUTUBRO E NOVEMBRO	Ordenador.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A03.4: Establecemento e comunicación das pautas de publicación na páxina web para profesorado e ANPA.</b>	EQUIPO DIRECTIVO	FINAIS DE NOVEMBRO	Sala reunións. Proxector.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A03.5: Aplicación das accións e pautas de publicación da páxina web.</b>	DOCENTES E ANPA	XUÑO	Ordenadores.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

ÁMBITOS	NECESIDADE	XUSTIFICACIÓN
Infraestrutura dixital	Renovación da rede de altosfalantes do centro e o equipamento de timbre.	Mal son, mal funcionamento e rede obsoleta. Participación no proxecto Radio na Biblio.
	Punto wifi no ximnasio do centro.	Incremento das posibilidades de incorporar as TICs en EF.
	Modificación dos postos de consulta e a caixa de cableado da biblioteca.	Mala situación, ruídos, pitidos e mala colocación dos postos e da caixa. Risco de peso sobre a caixa.
	Software Linux nos equipos da aula TICS	Para a aplicación do obxectivo 1 nos cursos de 1º a 4º de EP.
	Ancoraxe dos dispositivos de proxección.	Mal funcionamento e desaxustes na proxección.
	Focos e luces de proxección para o salón de actos + instalación.	Non existe ningún sistema de iluminación.
Equipamento	Pantalla táctil biblioteca. (Posto de xestión de préstamos).	Xestión de Préstamos. Participación no programa Voluntariado-A biblioteca. Obxectivo 2: plataforma ELBE.2.
	Posto de ordenador do profesorado na aula: renovación.	Equipos obsoletos.
	Equipo informático Linux de consulta para o alumnado nas aulas de 1º, 2º, 3º e 4º EP.	Imprescindible para a aplicación do Obxectivo 1 do Plan dixital.
	9 E-books	Necesarios para o obxectivo 2 de préstamos a través da plataforma ELBE.2.
	Pizarra / pantalla dixital Biblioteca.	Necesarios para o obxectivo 2 de préstamos a través da plataforma ELBE.2.
	EQUIPOS EDIXGAL 5º-6º	Proxecto Edixgal: clonación e reparto.
	EQUIPAMENTO AULA STEM: equipos ultraportátiles 10. Material científico: microscopio electrónico.	Desenvolvemento do obxectivo 1 do plan dixital. Potenciación da cultura dixital-científica.
Servizos	AULA Virtual: apoio ao	Necesidade de apoio na

dixitais.	mantemento e configuración.	configuración destes espazos.
	AbalarMóbil: xestión de titorías, faltas e xustificación de saídas.	Necesidade de formación, comunicación e soporte legal.
	Páxina web: asesoramento no uso das súas posibilidades e funcións. Dificultade na xestión e subida de vídeos.	Especialmente como medio alternativo a xestión en papel. (Solicitudes, impresos...)

### 3.4. Avaliación do plan.

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos realizarase da seguinte forma:

- No contexto da **avaliación procesual** realizarase unha vez ao **trimestre**. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora a través do **apartado seguimento da acción (Valoración da acción e estado) presente nas táboas 1,2 e 3** do Plan de Acción.
- No contexto da **avaliación final** realizarase **ao final de curso para incorporala as diferentes memorias de centro**. Empregaranse os seguintes instrumentos de avaliación - listaxes de cotexo e observación:

CRITERIOS DE AVALIACIÓN OBXECTIVO 1	NON	SI
Realizouse un inventario de recursos TICs.		
Constan nos horarios previsións para o traballo coas TICs.		
Redistribuíronse os recursos TICS polas diferentes aulas.		
Elaborouse o documento de itinerario TICS na EP.		
Presentouse o itinerario TICs ao conxunto de docentes.		
Aplicáronse polo menos 4 accións en 1ºEP		
Aplicáronse polo menos 4 accións en 2ºEP		
Aplicáronse polo menos 4 accións en 3ºEP		
Aplicáronse polo menos 4 accións en 4ºEP		
Aplicáronse polo menos 4 accións en 5ºEP		
Aplicáronse polo menos 4 accións en 6ºEP		
		<b>TOTAL</b>
Propostas de mellora:		

CRITERIOS DE AVALIACIÓN OBXECTIVO 2	NON	SI
Elaborouse un documento programático para o uso da plataforma ELBE.2		
Presentouse o programa de uso da plataforma ELBE.2 aos titores de EP.		
Levou a cabo a formación no uso da plataforma no curso de 5º EP.		
Levou a cabo a formación no uso da plataforma no curso de 6º EP.		
Realizáronse os préstamos de Nadal nos curso de 5º EP.		
Realizáronse os préstamos de Nadal nos curso de 6º EP.		
Iniciouse ao 70% do alumnado de 4º EP en polo menos un préstamo na plataforma.		
Estado:		
Propostas de mellora:		

CRITERIOS DE AVALIACIÓN OBXECTIVO 3	NON	SI
Actualizouse o apartado web do plan de comunicación do centro.		
Presentouse o plan de comunicación ao profesorado e familias.		
Actualizouse a interface da web do centro.		
Ordenáronse as seccións e apartados da páxina web do centro.		
Elimináronse publicacións obsoletas e actualizáronse datos.		
Establecéronse pautas de comunicación e publicación na web.		
Cumpríronse máis dun 70% das accións presentes no apartado web do plan de comunicación.		
Estado:		
Propostas de mellora:		

#### 4.5. Difusión do plan

O Plan Dixital do CEIP Mestre Manuel García estará publicado na web do centro no apartado de documentación, sendo totalmente público o seu contido.

No momento da súa entrada en vigor informarase á comunidade educativa a través dun Abalar trala súa aprobación no consello escolar e posterior entrada en vigor.

Aqueles aspectos relacionados coa publicidade e mecanismos de comunicación presentes no Plan Dixital estarán incardinados e coordinados no marco do Plan de Comunicación de Centro nos seus apartados 4 e 5 relacionados coa comunicación externa e interna do centro.

*Fonte da letra empregada:*

*Xunta Sans, NM type – Xunta de Galicia 2020*